

Contamos as rosas de Rosalía

PARA XOGAR COA CATIVADA



CASA DE ROSALÍA | Material elaborado por Pilar Ponte (A Profa)

Tarxetas de rosas e números. Instrucións de xogo

Propoñemos as seguintes formas de xogo:

- ▶ Podemos xogar a poñer todas as fichas boca arriba e unir a tarxeta do número coa tarxeta que teña ese número de rosas.
- ▶ Podemos ir quitando unha tarxeta consecutiva de cada vez e que vaian ordenando arriba os números e debaixo as tarxetas coas rosas correspondentes.
- ▶ Podemos dificultar a versión anterior quitando as tarxetas dos números e das rosas aleatoriamente para que os ordenen.
- ▶ Podemos darlle a un neno o número e a outro as rosas e que busquen a súa parella.

Tarxetas de rosas e branco. Instrucións de xogo

Propoñemos as seguintes formas de xogo:

- ▶ Podemos pedirles que estampen tantas veces o dedo como rosas hai sen saír do marco da tarxeta.
- ▶ Na estampación dos dedos podemos pedirles que vaian utilizando progresivamente os diferentes dedos dunha man ata completar o cinco e logo continuar coa outra ata utilizar todos os dedos no 10. Para o 11 as dúas mans e 1 dedo dunha man e para o 12, as dúas mans e 1 dedo de cada man. Pedirémoslles que o fagan dentro do marco da tarxeta.
- ▶ Podemos pedirles que debuxen no lado en branco o mesmo número de rosas sen saír do marco da tarxeta.
- ▶ Podemos pedirles que escriban a cifra correspondente ao número de rosas debuxado no centro da tarxeta.

Aproveitamento didáctico

Con este xogo traballamos:

- Emparellamento número e cifra
- Diferenciación
- Coordinación óculo-manual
- Concentración
- Clasificación
- Asociación de ideas
- Agudeza visual
- Regras

Utilización do material

- **As tarxetas das rosas e os números** están pensadas para ser impresas, recortadas e plastificadas para poder manipulalas as nenas e nenos.
- Tamén se poden imprimir en papel autoadhesivo e pegalas sobre rectángulos de madeira ou cartón.
- **As tarxetas das rosas e as cuadrículas en branco** están pensadas para ser impresas en papel para logo poder ser pintadas, debuxadas ou escritas.











